

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajó, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valcárcel Fernández, Patricia
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Montero Reguera, José Francisco
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo, Raquel
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Durán Barbosa, Rafael
López Mira Álvaro Xosé
Paz Penín, Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, M^a José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga.
Lopez Mira, Álvaro Xosé

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de febreiro de 2024, convocada para ás 10:30 h. en primeira convocatoria e ás 11:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 11:00 do día 28 de febreiro de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2024/2025.
4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2024/2025.
5. Aprobación, se procede, da extinción da Comisión de Estudos Propios creada polo Consello de Goberno o 20 de novembro de 2020.
6. Aprobación, se procede, da estrutura e composición da Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP), que realizará as funcións da Comisión de Estudos Propios.
7. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.
8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.
9. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2024.

O reitor indica que non se presentaron observacións á acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre a pregunta que formulara Rebeca Pilar Díaz Redondo no anterior Consello de Goberno sobre o programa Docentia: na seguinte mesa de negociación do PDI levarase unha proposta para corrixir a incidencia de que queden cursos académicos sen poder avaliar.

O reitor informa sobre o seguintes temas:

- Concedeuse o premio UViguala 2024 a actividade das promotoras de Elas Fan CienTec.
- Medidas da UVigo ante a situación de folga en Vitrasa: transporte para os estudantes, e estase estudando o programa Car Sharing. Todo isto por suposto co máximo respecto ao dereito de folga recoñecido na nosa Constitución.
- Campus Auga: seguimos cos pasos necesarios para a acreditación. O seu agradecemento as persoas que están nos diferentes Comités.
- Novas da CRUE: finalmente a oferta do Ministerio é contar con 4200 novas prazas de profesorado axudante doutor para os vindeiros catro anos, co fin de que as universidades poidamos poñer en marcha a LOSU. O Ministerio financiaría 1630 prazas os catro anos e esperan que as CCAA financien o resto. Adicionalmente, estíranse os prazos para a posta en marcha da LOSU. Permitírase continuar cun máximo de 320 horas durante catro anos e non mudar as condicións do profesorado asociado durante ese período. Tamén se informa sobre o 1% do PIB, ao que chegará Galicia moi cedo, como unha das primeiras comunidades.
- Comisión de Estatutos: a vindeira semana teremos unha próxima xuntanza, e creemos que rematarán os traballos do título I. A ver se podemos levar ao próximo Claustro un primeiro borrador dos Estatutos da UVigo. Os traballos continúan a bo ritmo e contamos ter o primeiro texto nun par de meses, para que os claustrais podan facer as súas aportacións.
- ATHENA: a solicitude para o financiamento da nosa universidade europea presentouse en tempo e forma. Trátase dunha solicitude moi mellorada, tanto nos contidos coma na redacción. Houbo entre 52 e 60 solicitudes e seleccionáronse as 14 mellores.
- CESGA: está a organizar a utilización dos fondos PERTE relativos á supercomputación e á computación cuántica e conta coas universidades. Houbo unha xuntanza inicial coa vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, unha interna e finalmente outra con CESGA e con persoal investigador. Presentáronse propostas da UVigo relacionadas coas temáticas para as cales se concederon os fondos e incluírase algunha iniciativa desconcentradora.
- Congreso de dereito administrativo.
- San Tomé: celebración do talento e do esforzo.
- Xuntanzas cos departamentos para preparar os contratos: o obxectivo é aproveitar a situación actual para mellorar as ratios de remuda do profesorado nas áreas nas que hai necesidades docentes. Está en relación co apoio que precisamos do Ministerio e da Xunta

- de Galicia. Tense en conta a situación das xubilacións (con tres anos de antelación) e a mudanza do cómputo aprobada no consello de goberno anterior.
- Estudantado internacional. Estamos medrando.
 - Emprendemento Incuvi.
 - Avaliación de Centros CIGUS: Cintecx, Ecobas, Cispac.
 - Distintivo de empregabilidade á Facultade de Dereito de Ourense, e en Vigo á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
 - Exposición sobre Antía Cal: Contra o esquecemento, memoria. Contra o atraso, progreso.
 - Presentación do libro Galaxia- Uvigo.
 - Acto de toma de posesión de Catedráticos e Titulares da Universidade de Vigo. O reitor agradece moito ás persoas que participaron.
 - Se fixo a presentación da curtametraxe sobre o pracer feminino e o clítoris.
 - Xavier Labandeira, novo secretario xeral do *Policy Outreach Committee*.
 - Manuel Caeiro, á fronte dun novo catálogo dixital de cursos para centros de ensino superior.
 - Lanzamento do proxecto europeo Up2You, liderado desde a Universidade de Vigo por Tony Crespo e relacionado cos ODS.
 - A feira eXXperimenta en Feminino volveu ao campus de Ourense.
 - José Fariña, novo director da Escola de Enxeñaría Industrial.
 - Mesa redonda en atlantTic sobre igualdade na intelixencia artificial.
 - A feira EmpregoInCampus inclúe as actividades do Foro Talento Fundamental.
 - Cinbio: un proxecto europeo do programa Horizon dotado con 1,5 millóns de euros e dirixido por María Mayán.
 - José Luis Soengas, do CIM, lidera o proxecto europeo Marinnonet, dotado con 2,3 millóns de euros na convocatoria Interreg Atlantic Area e relacionado coa biotecnoloxía azul.
 - A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación recibiu o Premio Enxeño 2023 na IV edición de Foro Telecom Galicia 2023.
 - A UVigo participa no proxecto SERIGO, financiado por Horizon Europe con 4,5 millóns de euros e liderado por unha universidade finlandesa.
 - Organización das xornadas de orientación universitaria nos tres campus.
 - Comeza o proxecto Aquapred sobre augas mineromedicinais, liderado por José Luis Legido, cun financiamento de arredor de 1,8 millóns de euros do Interreg- Sudoe.
 - Arrancan as actividades do 11F cunha charla interxeracional sobre a muller na ciencia.
 - Novos cursos da ANL para mellorar a formación en lingua galega.
 - 10.000 participantes nas dez edicións do Itinerario Formativo Virtual en Xénero.

Remata o informe ás 11.24.

3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que foi elaborado de acordo cos servizos relacionados co mesmo, chegando a unanimidade para a redacción final do calendario académico do curso 2024/2025.

Marta María Pazos Currás comenta que o calendario académico non pasa pola mesa de negociación, e que eles xa pedirán que o luns de Pascua fose non lectivo. A secretaria xeral contesta

que estudiarase a proposta feita, que non coñecía con anterioridade, e de non poder incluírse neste ano faríase para o seguinte curso académico 2024-2025.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2024/2025.

O reitor comenta que é un trámite darlle o visto bo.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da extinción da Comisión de Estudos Propios creada polo Consello de Goberno o 20 de novembro de 2020.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen sinala que solicita a extinción desta Comisión de Estudos Propios, que xa non está a traballar.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da estrutura e composición da Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP), que realizará as funcións da Comisión de Estudos Propios.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa que na Memoria do Centro de Posgrao e Formación Permanente que está aprobada aparece unha Comisión de Estudos, que é a que presenta hoxe aquí, coas seguintes diapositivas:

Aprobación por asentimento na COAP do 22 de febreiro de 2024

Estrutura

-
- Dirección do CPFP que actuará como presidente/a.
- Dirección da área de titulacións.
- Subdireccións do CPFP.
- Secretaría do CPFP.
- Xefatura do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao ou persoa na que delegue.
- 5 membros do PDI de cada un dos ámbitos de coñecemento.
- 2 membros do PAS.
- 1 estudante.
- 1 representante do Consello Social.

Composición:

- 5 membros do PDI de cada un dos ámbitos de coñecemento:
 - José Francisco Asís Montero Reguera (Humanidades).
 - Yoana González González (Ciencias da saúde), campus Pontevedra.
 - Carmen María Abreu Fernández (Tecnolóxico).
 - Maruxa Álvarez Jiménez (Ciencias).
 - Susana Álvarez González (Xurídico-social), campus de Ourense.
- 2 membros do PAS:
 - María Ángeles Villar Lemos
 - Manuel Fernández Cruz
- 1 estudante:
 - Ruth Dávila Segade
- 1 representante do Consello Social:
 - César Blanco Gómez.

Indica tamén que se reduce un pouco o número de membros para non ter problemas de quórum, e ten que comezar a traballar xa porque hai títulos pendentes de aprobación.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, quen explica que a proposta é que debe subirse o custo do IPC, que a subida total sexa ao longo de 3 anos, prorrateado nas mensualidades do curso académico, de acordo co seguinte cadro:



Tipo de habitación:	Precios a aplicar	Propuesta precios alquiler	Propuesta matrícula prorrateada	Propuesta alquiler + matrícula prorrateada	Precios a aplicar
	2023-24	2024-25	2024-25	2024-25	2024-25
Estudio individual	353,50	364,29	5,73	370,02	370,00
Estudio ind. comp. cocina	353,50	364,29	5,73	370,02	370,00
Estudio doble	271,00	279,62	5,73	285,35	285,00
Estudio individual sup. (Ourense)	487,00	502,33	5,73	508,06	508,00

Subida do IPC: 3,1 %
Matrícula: $172 \text{ €} / 3 = 57,33 \text{ €} / \text{curso}$

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria, quen explica que mandouse un enlace para poder ver o regulamento anterior e o novo, onde se poden ver os cambios:

Cambios na composición da comisión, que sería o máis salientable:

- Elimínase a existencia de membros natos e non natos.
- Inclúese o persoal técnico da ANL, e un deles asumirá a secretaría da comisión.
- Substitúese a representación dos centros que teñen Comisión de Política Lingüística pola representación de todos os centros da UVigo na persoa que asume a función de enlace da lingua galega.
- Non se constitúe unha comisión permanente.

Apróbase por asentimento.

9. Quenda de intervencións.

O reitor cede a palabra a Miguel Cuevas, quen pide a complicitade do equipo reitoral porque hai moito movemento sobre os novos baremos das comisións de acreditación. Os sindicatos consideran que hai problemas con respecto ás comisións, xa que os membros deberían cumprir cos mínimos que lle esixen aos que perseguen esa acreditación, porque senón se está actuando de xeito inxusto. Ademais, polo que se refire á puntuación máxima de 100 puntos, unha persoa que teña 90 puntos pero non cumpra cun dos mínimos, non será acreditado a catedrático, e sen embargo un que teña 50 puntos podería chegar a ter unha avaliación positiva como catedrático se cumpre os mínimos. Indica tamén que quixo indagar sobre quen fixo os baremos, a xente do goberno di que eles non foron, a xente das comisións di que eles tampouco, que non saben quen o fixo, e por outra banda, aplican a LOSU dun xeito, digamos, trivial polo que a CRUE debería tomar cartas no asunto para non ser inxustos.

O reitor responde que pode contar co seu apoio, e cando teñan a próxima reunión da CRUE o próximo mes na cidade de Santiago de Compostela vai facer forza con este asunto. A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación intervéñ para dicir que fixeron xa alegacións desde a CRUE I+d+i para dicir que non poden esixirse uns mínimos, fixeron un documento de alegacións moi longo. A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica di que na mesma liña estase preparando un documento para facer alegacións sobre estas novas propostas.

O vicerreitor de Planificación pide que se solicite á CRUE o nome dos que compoñían a comisión que redactou eses criterios.

Non hai mais intervencións.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11.39 h. do día 28 de febreiro de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral